

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 9 DE XULLO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de xullo de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebío.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de Xullo do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS

“Visto o expediente a nome de **Dona Rosa Maria Vázquez Serrano na representación de Dona Maria del Carmen Lebosó Vázquez**, con domicilio na rúa Doctor Canoa nº 5, 8ºB, Vigo, relativo a subvención para actuacións na area de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Porta Nova de Abaixo nº 29., desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.707 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 3.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“De Gestima S.L., concesionaria do servizo público do parking da Alameda do Concello, comunicando as novas tarifas que se aplicarán a partir do 01-09-07 con motivo da Lei 44/2006 de 29 de decembro, de Mellora da Protección de Consumidores e Usuarios”.

-“Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, comunicando autorización sanitaria de reapertura da piscina municipal sita na Veronza, deste término municipal”.

-“Da Secretaría Xeral de Emigración, Resolución concedendo subvención para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada emigrante (Programa Formación en habilidades sociais e autoestima), por importe de 1.500 euros”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 2º TRIMESTRE DO 2007.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 2º trimestre do 2007, por importe de 38.690,06 euros, tarifa de depuración por importe de 7.466,66 euros, máis 3.236,66 euros de IVE, resultando un total de 49.393,38 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 2º trimestre do 2007, por importe de 16.582,93 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 13.777,77 euros.- Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar coma período de cobranza voluntario dos servizos anteriormente referidos entre os días 23 de Xullo e o 31 de Agosto do 2007.-

### **CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA MELLORAS DO SANEAMENTO EN NUCLEOS DE ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 1 da obra denominada “Melloras do Saneamento en nucleos de Esposende, San Paio, A Quinza e Outros”, POL 2006, Obra núm. 583, por un importe total de 38.447,50 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.591,73 euros; Feder/Map, 3.714,03 euros; Feder/A.L, 23.195,38 euros; Deputación, 1.276,46 euros e Concello, 8.669,91 euros.”

### **APROBACION DE PROXECTO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o proxecto modificado denominado “Camiños secundarios e acondicionamento de predios na zona de concentración parcelaria de Santo André de Camporedo”, redactada pola Enxeñeira

Agrónoma Dona Cándida Grande Conde, cun orzamento de execución de contrata de 0 euros”.

**XERACIÓN DE CRÉDITOS N°4/07.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº4 /07, por importe de 195.243,96 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.